



**CONSELLO DA
CULTURA GALEGA
OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA**

Web
consellodacultura.org

Twitter:
@consellocultura

Facebook:
facebook.com/consellocultura

Correo:
medios@consellodacultura.org

Telf:
+34 981 95 72 02

► 26/02/2014

Evolución do gasto cultural dos fogares galegos

A Encuesta de Presupuestos Familiares elaborada polo Instituto Nacional de Estadística (INE) ten como principal obxectivo obter estimacións do gasto de consumo anual dos fogares privados.

As variables investigadas son o gasto total e os gastos medios por fogar, por persoa e por unidade de consumo segundo distintos niveis de desagregación e segundo diversas variables sociodemográficas tanto do fogar como do sustentador principal do mesmo.

Ademais, estas estimacións de gasto utilízanse como instrumento para a obtención do consumo privado na Contabilidade Nacional e para a estimación da estrutura de ponderacións a partir do gasto necesaria para o cálculo do Índice de Prezos de Consumo.

A Clasificación de bens e servizos (COICOP) ten diferentes niveis de desagregación, desde os 12 grandes grupos de gasto ata a máxima desagregación a 5 díxitos. Para a delimitación dos bens e servizos culturais elaborouse unha relación de bens y servizos culturais a partir da nomenclatura COICOP a 5 díxitos. Porén para os datos desagregados por comunidades autónomas a desagregación faise ata 4 díxitos, é dicir, grupo de gasto principal e subgrupo de gasto.

Deste xeito, consideráronse a seguinte relación de bens e servizos culturais para o obxecto deste estudo:


- Libros non de texto: libros, atlas, dicionarios, enciclopedias, biblias; libros de recortes, libros para colorear, álbumes para nenos; e encadernación de libros.
- Prensa: todo tipo de prensa diaria; todo tipo de xornais, revistas e outras publicacións periódicas.
- Bailes, Cines, Teatros e Espectáculos: Cines, teatros; óperas, concertos, Ballets, zarzuela e outros espectáculos musicais; bailes públicos; circos, espectáculos de luz e son, touros, etc.
- Outros servizos culturais: servizos de músicos, paiaos e actores para espectáculos privados; servizos fotográficos como revelado, impresión, ampliación, copiado, foto retrato, etc..
- Equipos de imaxe e son, fotográficos e cinematográficos
- Soporte para o rexistro de imaxes, son e datos
- Outros: Instrumentos musicais



Evolución do consumo cultural en Galicia

En liñas xerais cómpre salientar que o consumo global en bens e servizos culturais diminuíu de xeito significativo tanto no conxunto de España coma en Galicia en particular, tal como se pode observar na seguinte gráfica.

Evolución do gasto en bens e servizos culturais (2006-2012)



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

(*) En millóns de euros

Este descenso do gasto é proporcionalmente inferior en Galicia á media do estado. No conxunto de España o gasto en bens e servizos culturais diminuíu un 13,3% entre 2006 e 2012, mentres que en Galicia neste mesmo período diminuíu nun 8,9%. A liña de tendencia coincide en ambos casos, xa que o ano 2008 é o que marca o tope de gasto total e a partir deste ano a cifra investida polos fogares en bens e servizos culturais comeza a diminuír ata 2012, ano no que o gasto rexistra a cifra máis baixa de todo o período. Neste espazo de tempo a caída é tamén inferior en Galicia

Gasto medio por fogar en bens e servizos culturais (en euros)


	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
España	972,9	1.020,4	997,2	938,7	910,4	828,3	738,9
Galicia	778,9	832,5	820,4	799,3	768,2	705,4	646,0

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006



Se se ten en conta o gasto medio por fogar, en 2012 os fogares galegos gastaron case 60 euros menos en bens e servizos culturais ca o ano anterior, mentres que no conxunto de España se gastaron case 90 euros menos. En todo caso, o salientable é que estas cifras experimentan unha caída constante desde 2007 nos dous casos. Entre ese ano e a última referencia temporal da que se dispón, o gasto por fogar galego foi de 186 euros (46 euros por cada persoa). Estes descenso son bastante menos importantes que os do conxunto de España, tanto en termos absolutos como relativos.

Gasto medio por fogar en bens e servizos culturais por CC.AA. en 2012



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

É interesante observar, tal como se reflicte na gráfica anterior, o gasto medio por fogar por comunidades autónomas en 2012. Así, pódese comprobar que Galicia ocupa o sexto lugar entre as comunidades autónomas nas que o gasto medio por fogar en bens e servizos culturais é máis baixo. Isto significa uns 93 euros menos por fogar respecto da media española, un 12,5% menos. O gasto en Galicia sitúase a uns 200 euros por encima da comunidade cun gasto menor e a 320 da que amosa o maior gasto en cultura.

Gasto en bens e servizos culturais por grupo de gasto en 2012

DATOS &
INFORMES



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

		Total (M€)	%	Gasto medio por fogar (€)	Gasto medio por persoa (€)
Total	España	13.371,1	100,0	738,9	288,7
	Galicia	685,6	100,0	646,0	249,8
Libro e publicacións periódicas	España	2.208,3	16,5	122,0	47,7
	Galicia	136,0	19,8	128,1	49,6
Servizos culturais	España	4.180,0	31,3	231,0	90,3
	Galicia	206,1	30,1	194,2	75,1
Equipos e accesorios audiovisuais de tratamento da información e Internet	España	5.979,4	44,7	330,4	129,1
	Galicia	304,6	44,4	287,1	111,0
Outros bens e servizos	España	1.003,5	7,5	55,5	21,7
	Galicia	38,9	5,7	36,6	14,2

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Se se desagregan os datos por grupos de gasto se pode ver que arredor do 44% dos gastos en bens e servizos culturais se dedica a equipos e accesorios audiovisuais de tratamento da información e Internet tanto en Galicia coma no conxunto de España. No apartado de libros e publicacións periódicas en Galicia os fogares gastan de media seis euros máis ca no conxunto de España. En cambio, en servizos culturais, entre os que se inclúen a asistencia a espectáculos, cada galego gasta de media uns 7,5 euros menos ca no conxunto de España, o cal supón un 34% de diferenza.

Evolución do gasto en bens e servizos culturais por grupos de gasto

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
<i>Total</i>							
España	15.425,5	16.612,5	16.694,6	16.021,1	15.631,9	14.363,7	13.371,1
Galicia	753,2	802,8	815,9	810,4	783,4	722,0	685,6
<i>Libro e publicacións periódicas</i>							
España	3.317,1	3.218,6	3.244,8	3.140,3	2.791,9	2.524,8	2.208,3
Galicia	202,1	214,5	181,2	185,7	182,6	153,5	136,0
<i>Servizos culturais</i>							
España	4.543,3	4.973,1	4.865,2	4.633,5	4.593,7	4.280,6	4.180,0
Galicia	196,1	216,5	228,0	227,8	183,5	170,6	206,1
<i>Equipos e accesorios audiovisuais de tratamento da información e Internet</i>							
España	5.801,3	6.758,8	7.232,7	7.075,6	7.183,0	6.590,6	5.979,4
Galicia	270,2	309,7	343,3	331,4	356,8	347,8	304,6
<i>Outros bens e servizos</i>							
España	1.763,9	1.662,1	1.351,9	1.171,7	1.063,4	967,7	1.003,5
Galicia	84,8	62,2	63,4	65,5	60,5	50,1	38,9

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006



Se se observa a evolución do gasto en bens e servizos culturais por grupos de gasto, pódese apreciar que en España diminuíu no ano 2012 en todos os grupos de gasto agás en “Outros bens e servizos”, mentres que en Galicia diminuíu en todos agás en servizos culturais, que aumentou en máis de 35 millóns de euros, é dicir, un 28,8%. De todos os xeitos, dentro dos servizos culturais, o gasto en asistencia a espectáculos en 2012, diminuíu en Galicia en máis de 7 millóns de euros, é dicir, un 15,2%.

Evolución do gasto en libro e publicacións periódicas por subgrupos de gasto

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
<i>Libro non de texto</i>							
España	1.311,1	1.235,2	1.301,2	1.371,9	1.234,4	1.019,4	940,9
Galicia	84,6	88,7	68,1	68,1	67,2	60,6	45,3
<i>Publicacións periódicas</i>							
España	2.006,0	1.983,4	1.943,5	1.768,4	1.557,5	1.505,4	1.267,4
Galicia	117,4	125,9	113,1	117,6	115,4	92,9	90,6

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

No grupo de gasto “Libro e Publicacións periódicas”, onde se produce a maior redución do gasto no ano 2012 é no subgrupo de libros non de texto, nun 26,9% en Galicia, que se traduce en 15,3 millóns de euros menos de gasto. En cambio no subgrupo de Publicacións periódicas, aínda que o gasto total diminuíu moito con respecto a 2010, en 2012 a redución do gasto non é moi importante en Galicia, aínda que si é moi apreciable no conxunto de España, onde se gastaron 238 millóns de euros menos.

O conxunto de gasto tamén experimenta unha baixada. As partidas onde as familias aumentaron o gasto nos últimos anos concéntrase en tres partidas básicas: Vivenda auga e electricidade, saúde e ensino. Dende 2008, a partida de cultura é a que experimentou un descenso maior (-21%), só por detrás dos transportes (-30%).

Para explicar este descenso hai que fixarse en varios factores. A situación económica xeral obriga a moitas familias a facer recortes importantes de gastos. De feito, os ingresos medios mensuais por fogar descenderon dende 2008 un 6%. En relación estreita co anterior, a taxa de risco de exclusión social crece e sitúase nun 23% da poboación en 2012.

Os avances de datos das condicións de vida de 2013, que hai que interpretar con cautela dada a súa provisionalidade, tampouco auguran unha gran mellora. Segundo o INE, en Galicia aumentan a porcentaxe de carencias materiais nos fogares en case todo os conceptos tales como capacidade para afrontar gastos imprevistos ou ir unha semana de vacacións ao ano.


A percepción da situación económica foi tamén moi negativa sobre todo ata o primeiro trimestre de 2013. Hai que salientar, como dato positivo, unha certa recuperación a partir de aí. Para o ámbito cultural resulta beneficioso o feito de que dende o comezo de 2012 aumenten os consumidores que teñan a confianza de poder permitirse un extra como ir ao cine ou ao teatro, tal e como se pode ver na seguinte gráfica.

DATOS &
INFORMES




CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Comparativa do Índice de Confianza do Consumidor coa porcentaxe de fogares que teñen pensado permitirse os seguintes extras nos próximos tres meses



Fonte: Instituto galego de Estatística. Enquisa conxuntural a fogares.

Nun escenario de contracción do gasto é comprensible a evolución dos prezos. Como se pode apreciar na seguinte gráfica, mentres que o IPC experimentou unha leve alza nos últimos anos, os produtos de ocio e cultura apenas variaron.



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Índice de precios de consumo